

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA A ACTIVIDADES A REALIZAR POLA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE E DEPORTES, EN DETRIMENTO DAS AXUDAS PARA O TRANSPORTE PARA MOZOS E MOZAS E DAS AXUDAS PARA A XUVENTUDE EN PARROQUIAS E BARRIOS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 20-2021, por un importe total de 36.500,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura a actividades a realizar pola Concellería de Xuventude e Deportes, en detrimento das axudas para o transporte para mozos (RC Ref.: 7939/2021) e mozas e das axudas para a xuventude en parroquias e barrios (RC Ref.:7937/2021) segundo se pon de manifesto na providencia do Sr. Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes, don Mauricio Repetto Morbán, de data 26/05/2021.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/846 de data 27/05/2021, así como RCMOD Ref.: 38837/2021, por importe de 36.500,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 36.500,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
33430.48900	36.500,00 €	33430.22699	36.500,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	36.500,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	36.500,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Ref^a: ispac1463623013523820995.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 20-2021 Xuventude

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.